

RESOLUCIÓN

Expdte.- 2022/FABRIC/000186

Autorización uso pavillóns municipais

I.- Os pavillóns deportivos municipais teñen a natureza de bens demaniais afectos a un servizo público, de acordo co artigo 5 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), e o 4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

O Regulamento de Utilización das Instalacións Deportivas Municipais (RUIDM), aprobado polo Pleno do Concello o 25 de marzo de 2004 dispón que os pavillóns polideportivos municipais terán un uso preferente polos centros de ensino público en determinados horarios e polas actividades programadas polo Servizo Municipal de Deportes, e no horario restante terán uso preferente as entidades e grupos de veciños.

A estes efectos, as entidades deportivas ou veciñais poden solicitar o uso periódico dos pavillóns, que será autorizado polo Concello cando se cumpran unha serie de requisitos que o propio Regulamento detalla, e o Servizo Municipal de Deportes debe tramitar e informar sobre as solicitudes de utilización.

II.- Ante a crecente demanda de horarios de uso por parte dos clubs deportivos, o Servizo de Deportes contactou con outras institucións ubicadas dentro do termo municipal que posúen instalacións deportivas (Facultade de Ciencias da Actividade Física e o Deporte/ INEF Galicia e IES M^a Casares), coa finalidade de que autorizasen o uso de ditas instalacións por parte dos clubs deportivos oleirenses en horarios que elas mesmas non utilizaban. O resultado é que ambas posibilitan o uso solicitado. Por esta razón, os horarios de uso autorizados por ambas institucións son incluídos na distribución de espazos deportivos mediante esta resolución.

III.- En data do 21 de setembro publicouse na páxina web municipal a apertura do prazo para que as entidades deportivas do Concello presenten as súas solicitudes de uso dos pavillóns deportivos para a realización de adestramentos na nova temporada 2022/2023, así como a instrucción desta concellería delegada, pola cal se ditan as normas a aplicar no proceso.

Ata o 10 de outubro do presente ano as entidades deportivas do Concello presentaron as súas solicitudes de uso, xunto coa documentación necesaria, no seu caso.

Varias delas foron requiridas para emendar ou completar a documentación, advertíndolles de que en caso de non facelo, a súa solicitude sería arquivada sen máis trámite. Das entidades requiridas, todas atenderon en tempo e forma ao requirimento.

IV.- O Técnico Municipal de Deportes emitiu en data 25 de novembro un informe con proposta de adxudicación de horas, de acordo cos criterios establecidos polo RUIDM, obxectivos en factores como o número de licenzas, as categorías e o ámbito de competición



dos clubs, e acadando un reparto das horas o máis equitativo posible en función do número de solicitudes e da necesidade real de utilización.

V.- A competencia para a autorización deste uso corresponde á Cuarta Tenente de alcalde delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica, por delegación da Alcaldía a través do Decreto número 2019002619, de 20 de xuño de 2019.

Polo exposto, e en virtude das atribucións contidas no artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril Reguladora das bases do Réxime local, delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do decreto de alcaldía nº 2019002619 de 20 de xuño,

RESOLVO:

Primeiro .- Adxudicar provisionalmente ás entidades que se relacionan a continuación o número de horas de uso de pavillóns que se detallan:

CLUB	HORAS
A.D.VALLE INCLAN	25,00
BADMINTON CLUB CORUÑA	15,00
CLUB BALONCESTO OLEIROS	3,50
CLUB BALONMAN ATLÁNTICO	14,00
CLUB HOCKEY OLEIROS	35,00
CLUB PATINAXE OLEIROS	19,00
CLUB TENIS DE MESA BREGAN OLEIROS	9,00
ESCOLA DE XIMNASIA ACORDES	36,50
S.C.D. RABADEIRA	4,50
FUTSAL RABADEIRA	2,00
VOLEIBOL OLEIROS	21,00

Segundo.- A presente autorización restrínxese a actividades de adestramento, non incluíndo nelas as competicións oficiais, que non seu caso deberán solicitarse expresamente acompañando o correspondente calendario de competición federativa.

A autorización abrangue o uso de pista de xogo e vestiarios, e só poderán acceder as persoas incluídas nas listaxes certificadas e presentadas previamente polos clubs. Os deportistas son os únicos que poderán entrar no pavillón autorizado con 15 minutos de antelación, e só para dirixirse a vestiarios, debendo abandonalos ao máis tardar 20 minutos despois de ter rematada a actividade.

Terceiro.- De acordo co previsto no artigo 28 do RUIDM, esta autorización poderá revogarse por algúns dos seguintes motivos:

- Por necesidades de programación municipal.
- Por incumprimento das obrigas establecidas na presente normativa e nos requisitos de solicitude.



- c) Por causa de comportamento pouco cívico ou antideportivo, por parte de algún membro da entidade autorizada, sendo este comportamento reiterado e evidente, a xuízo dos responsables municipais.
- d) Por baixa asistencia dos membros da entidade, de xeito que reiteradamente, non cumpran cos mínimos de asistencia obrigatoria na autorización de uso.

Considerarase baixa asistencia, cando unha entidade con adxudicación de horaria para uso dos pavillóns, falte máis de 3 ocasións aos adestramentos programados.

Cuarto.- A distribución dos espazos deportivos -incluíndo tanto os de titularidade municipal coma os que pertencen a outras institucións que autorizan o seu uso, será como segue:

1º AD Valle Inclán.

Instalación/ Actividade	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
P.M./Canide Baloncesto	18:00 a 23:00	18:00 a 23:00	18:00 a 23:00	18:00 a 23:00	18:00 a 23:00

2º Club Badminton Coruña.

Instalación/ Actividade	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sabado
P.M.Bastiagueiro/ Badminton	20:00 a 22:30 ½ pista. 22:30 a 23:00 pista completa	20:00 a 21:00 pista completa. 21:00 a 22:00 ½ pista	20:00 a 22:00 ½ pista. 22:00 a 23:00 pista completa	20:00 a 21:00 pista completa. 21:00 a 22:00 ½ pista	20:00 a 22:00 ½ pista. 22:00 a 23:00 pista completa	12:00 a 14:00 ½ pista.

3º Club Baloncesto Oleiros.

Instalación/Actividade	Luns	Martes	Xoves
P.M. Bastiagueiro/Baloncesto	21:00 a 22:30	22:00 a 23:00	22:00 a 23:00

4º Club Balonmán Atlántico

Instalación/ Actividade	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
P.M.Perillo Balonmán	18:00 a 23:00		17:00 a 18:00 ½ pista. 18:00 a 19:00 Pista completa		
P.M. Bastiagueiro		17:00 a 18:30		17:00 a 18:30	17:00 a 19:00 pista completa



					19:00 a 20:00 ½ pista
P.M. Rabadeira			21:00 a 23:00		
Ximnasio Bastiagueiro					19:00 a 20:00
Ximnasio Valle Inclán	20:00 a 22:00		17:00 a 19:00		
Ximnasio Rabadeira			20:45 a 22:30		

5º Club Hockey Oleiros

Instalación/ Actividade	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
P.M.Rabadeira/ Hókey patíns	17:00 a 18:30; 21:30 a 23:00	17:00 a 23:00	17:00 a 21:00	17:00 a 23:00	19:15 a 22:30
P.M.Arsenio Iglesias. Sta. Cruz		17:00 a 18.30		17:00 a 18:30	16.30 a 18.00
P.M. Bastiagueiro	18:00 a 19:30		17:00 a 18:30 ½ pista		
Pavillon INEF					17:00 a 21:30
Ximnasio Rabadeira		19:00 a 21:30	20:00 a 20:45	19:00 a 21:30	

6º Club Patinaxe Oleiros.

Instalación/ Actividade	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado
P.M. Arsenio Iglesias. Sta. Cruz/ Patinaxe Artístico	18:00 a 21:00	18:30 a 21:00	18:00 a 21:00	18:30 a 21:00	18.00 a 21.00	9.00 a 14.00

7º Club Tenis de mesa Breogán

Instalación/ Actividade	Luns	Mércores	Venres
P.M.Bastiagueiro/ Tenis de mesa	19:30 a 20:00 pista completa 20:00 a 22:30 ½ pista	19:00 a 22:00 ½ pista	19:00 a 22:00 ½ pista

8º Club Ximnasia Acordes.

Instalación/ Actividade	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado
P.M.Rabadeira/ Ximnasia rítmica	18:30 a 21:30				16:00 a 19:15	10:00 a 14:00



Ximnasio IES María Casares		17:00 a 19:30	17:00 a 19:30	17:00 a 19:30	16:30 a 18:30	
Ximnasio Rabadeira	17:30 a 18:30				19:15 a 20:15	
P.M. Bastiagueiro			17:00 a 20:00 ½ pista			10:00 a 12:00
Pavillon INEF	17:00 a 19:30	17:00 a 21:00	17:00 a 21:00	17:00 a 21:00		

9º SCD Rabadeira.

Instalación/ Actividade	Luns	Martes	Mércores	Xoves
P.M. Bastiagueiro		18:30 a 20:00		18:30 a 20:00
P.M. Arsenio Iglesias. Sta. Cruz/ Patinaxe Velocidade		21:00 a 22:30		
Ximnasio P.M. Bastiagueiro	20:30 a 21:30		20:30 a 21:30	

10º FUTSAL Rabadeira.

Instalación/Actividade	Xoves
P.M. Santa Cruz/Futbol sala	21:00 a 23:00

11º Club Voleibol Oleiros

Instalación/ Actividade	Lunes	Martes	Mércores	Xoves	Venres
P.M. Valle Inclán/ Voleibol		17:00 a 18:00 ½ pista 18:00 a 23:00	19:00 a 23:00	17:00 a 18:00 ½ pista 18:00 a 23:00	17:00 a 22:30
Ximnasio Valle Inclán	18:00 a 20:00	18:30 a 22:30	19:00 a 22:30	17:00 a 20:30	17:00 a 20:30

Sexto.- Abrir un prazo de alegacións de 10 días a contar desde a publicación da presente resolución na páxina web municipal, para que os interesados formulen as que consideren oportunas. En caso que durante o prazo de alegacións non fose presentada ningunha, esta resolución devirá definitiva.

Sétimo.- Contra esta resolución, por ser un acto de trámite, non cabe recurso, sen prexuízo dos que se poidan interpor contra a resolución definitiva.

Porén, no caso das entidades cuxas solicitudes foron arquivadas sen máis trámite, posto que este acto determina a imposibilidade de continuar o procedemento, poderán interpor ante este



mesmo órgano recurso potestativo de reposición nos términos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP, no prazo de un mes dende o día seguinte a aquel en que se notifique o presente acordo. Asimesmo poderá interpor recurso contencioso administrativo diante do Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados do mesmo xeito sinalado anteriormente. Todo iso sen prexuízo da posibilidade de interpor recurso extraordinario de revisión cando concorran algunha das circunstancias previstas 125 da Lei 39/2015.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola 4ª Tenente de Alcalde delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica, e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

